

PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DO SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓNS DE VOZ (FIXA E MOBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA ANCHA E TRANSMISIÓN DE DATOS PARA O CONCELLO DE AMES.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.-

O obxecto do presente prego é a contratación dun servizo de Telecomunicacións de Voz (tanto fixa como móbil) para o Concello de Ames, acceso a internet de banda ancha e transmisión de datos que comprenda todas as comunicacións que sexan necesarias para o correcto funcionamento e desenvolvemento das tarefas propias deste concello, tanto dentro da Casa Consistorial como fora da mesma, así como as infraestruturas e o seu mantemento, necesarias para a correcta prestación do servizo durante o seu período de duración, de acordo coas determinacións contidas neste prego e no de prescricións técnicas.

2.- RÉXIMEN XURIDICO

O contrato a que se refire o presente prego é de natureza administrativa e rexerá polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RGLCAP), e con carácter supletorio aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O presente Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, o Pregos de Prescricións Técnicas e demais documentos anexos, revestirán carácter contractual. Os contratos axustaranse ao contido do presente Pregos de Cláusulas Administrativas, cuxas cláusulas consideraranse parte integrante dos respectivos contratos.

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera do resto dos documentos contractuais, prevalecerá o Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración, que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga de cumprimento do seu cumprimento.

Ao presente contrato correspóndelle os seguintes Códigos CPV: 64210000-1 Servizos telefónicos e de transmisión de datos, 64200000-8 Servizos de telecomunicacións, 64212000-5 Servizos de telefonía móbil e 50332000-1 Servizo de mantemento de infraestruturas de telecomunicacións, encadrándose ademais na Categoría 5, Servizo de Telecomunicación do anexo II do TRLCSP.

3.- DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de execución do contrato para a correcta prestación do servizo será inicialmente de **TRES ANOS**, podendo prorrogarse por un ano mais ata un máximo **CATRO ANOS**, (incluído período inicial e prorrogas), de conformidade co estipulado no artigo 303 do TRLCSP, e comenará a contar a partir do día seguinte o da sinatura do contrato, salvo que neste se fixe outro.

A duración do contrato é única, sen prexuízo da eventuais causas de resolución ou rescisión que legalmente poidan concurrir ou da prorrogas que se poidan acordar.

No suposto de que o contrato non se prorrogue por algunha das partes, e en tanto non se resolva a nova licitación pública que ao efecto se convoque, a empresa adxudicataria do servizo quedará obrigada a prorrogar coas mesmas condicións, si o Concello de Ames así o solicitara, o servizo adxudicado ata que se produza a nova adxudicación, aos efectos de non prexudicar o normal funcionamento dos servizos públicos.

4.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O contrato adxudicárase mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria.

O contrato está suxeito a regulación harmonizada nos termos previstos no artigo 16 do TRLCSP

O procedemento aberto a que se refire o presente Prego anunciarase no Diario Oficial da Unión Europea, Boletín Oficial do Estado e no Perfil de Contratante do Concello de Ames, (arts. 142 e 53 do TRLCSP).

5.- ORZAMENTO DO CONTRATO

Tendo en conta que a duración inicial do contrato é de **TRES ANOS** podendo prorrogarse de maneira expresa por un ano máis ata un máximo de **CATRO ANOS**, (incluído período inicial e prorrogas), de conformidade co estipulado no artigo 303 do TRLCSP, o valor estimado total do contrato ascende a contía de **397.000 Euros**, mais o 21% de IVE ascendendo a **83.370 Euros**, resultando un importe total de **480.370 Euros**, representando este o límite máximo a que poderá ascender, ao longo da súa vida o gasto derivado do contrato para o concello, sen prexuízo das revisións de prezo á que haxa lugar.

Dito presuposto fixouse atendendo aos prezos de mercado e tendo en conta o presuposto actual de prestación dos servizos de telecomunicacións de voz (tanto fixa como móbil), datos e Internet do Concello de Ames.

No prezo do contrato considéranse incluídos os demais tributos, taxas e cánones de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia de cumprimento das obrigacións contempladas no presente prego.

Serán de conta do adxudicatario todos os gastos derivados de traballos de obra civil necesarios para o acceso ata as dependencias do Concello de Ames, así como os permisos necesarios (municipais, autonómicos ou nacionais), medios de transmisión, e calquera outro elemento necesario.

6.- FINANCIAMENTO.-

O financiamento deste contrato levarase a cabo do seguinte xeito:

- EXERCICIO 2015: Con cargo á aplicación orzamentaria **926.222.00** do vixente orzamento para o exercicio 2015, quedando condicionado o gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato.
- EXERCICIOS 2016, 2017 e 2018: Con cargo á mesma aplicación dos orzamentos de ditos exercicios, quedando condicionado o gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato.

De acordo co previsto no artigo 79.2 do Real decreto 500/90, de 2 de abril, a autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual se subordinarán ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos. En consecuencia, a adxudicación do presente contrato queda condicionada, no que se refire á anualidade do 2015, á inclusión no orzamento da correspondente consignación, axeitada e suficiente, para facer fronte aos gastos derivados do mesmo en dito exercicio.

A eficacia do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións do contrato no exercicio correspondente.

Este prezo engloba o importe total dos servizos que nel enténdense incluídos todos os gastos que o adxudicatario deba realizar para o normal desenvolvemento das prestacións contratadas de acordo cos pregos.

Os prezos ofertados polos licitadores serán a baixa e non poderán, en ningún caso, exceder do importe do presuposto base de licitación. Rechazaranse as proposicións económicas que excedan de ditas cantidades

O presuposto máximo do contrato queda fixado en **397.000** Euros (IVE do 21 %).

7.- REVISION DE PRECIOS

Os prezos da contratación dos servizos comprendidos neste contrato, considerando o seu prazo de execución, non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso, e por tanto non se aplicará fórmula algunha de revisión.

8.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Esíxese clasificación.

Esixírase a clasificación no **Grupo V**, (Servizos de Tecnoloxías da información e as comunicacións)

Subgrupo 3 -> Servizos de Mantemento e Reparación de Equipos e Instalacións Informáticos e de Telecomunicacións.

Subgrupo 4 -> Servizos de Telecomunicacións

Subgrupo 5 -> Servizos para a Explotación e Control dos Sistemas e Infraestruturas informáticas e telemáticas.

Categoría A (anualidade media inferior sexa a 150.000 Euros)

9.- CAPACIDAD PARA CONTRATAR.-

Poderán presentar ofertas, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

De conformidade co establecido no artigo 65.1 do TRLCSP, non é requisito para concurrir ao procedemento licitatorio que o empresario se atope clasificado.

9.1 A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo ca lexislación do estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo cas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión diplomática permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

9.2 A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRLCSP poderá realizarse:

a) Mediante testimonio xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade esté prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante autoridade xudicial.

9.3. A solvencia do empresario:

En canto a solvencia económica, financeira e profesional e técnica, acreditarase polos seguintes medios:

* Esixirase a clasificación de contratistas do Estado, que comprenda:

Grupo V, Servizos de Tecnoloxías da información e as comunicacións

Subgrupo 3 (Servizos de Mantemento e Reparación de Equipos e Instalacións Informáticos e de Telecomunicacións), **Subgrupo 4** (Servizos de Telecomunicacións), **Subgrupo 5** (Servizos para a Explotación e Control dos Sistemas e Infraestruturas informáticas e telemáticas)

Categoría A (anualidade media sexa inferior a 150.000 €uros)

En canto as Unións de Empresarios deberán acreditar a súa clasificación, ou no seu caso, a súa solvencia nos termos previstos nos art. 59 e 65 do TRLCSP.

10.- UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS

A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

A estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos de determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma, sen prexuízo do que para a clasificación se establece no artigo 67 da TRLCSP.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporal, quedarán obrigados solidariamente ante a Administración.

11.- ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE

Ó tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, o procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria ó que se refire o presente prego, anunciarase no Diario Oficial da Unión Europea, Boletín Oficial do Estado e no Perfil do Contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP).

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través da páxina web municipal www.concellodeames.org, e dentro da mesma, no perfil do contratante, de conformidade co disposto nos artigos 53, 141, 142, 151, 154 da TRLCSP.

12.- CONSULTA DE PREGO E OBTENCIÓN DE COPIAS.

As persoas interesadas poderán consultar e obter unha copia dos pregos e demais documentación técnica no perfil do contratante do Concello de Ames: www.concellodeames.org

13.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓNS

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do

Concello de Ames, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC) dentro do prazo de **cincuenta e dous días naturais** que empezarán a contar dende o día seguinte ao do envío do anuncio ao DOUE (sempre que o anuncio de licitación fose publicado no BOE polo menos con 15 días de antelación ao prazo de finalización para a presentación de ofertas) segundo o establecido no art. 159 do TRLCSP, de nove a catorce horas e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou pola persoa que o represente e coa documentación e requisitos dos presentes pregos.

No caso de que o último día do prazo de presentación de ofertas coincida en domingo ou festivo; prorrogarase ata o día hábil inmediatamente seguinte.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo deberán efectuarse de maneira urxente, debendo o licitador xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama o fax (981.884.929) no mesmo día. Consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de Plicas e a adxudicación do contrato.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego e vincula ao licitador coa Administración e presume por parte de dito licitador a aceptación incondicional, sen salvedade nin reserva algunha, das cláusulas e condicións deste prego, así coma da declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garanten tal carácter ata o momento en que se proceda a apertura en público das mesmas.

14.- EMPRESAS PROPOÑENTES, DOCUMENTACIÓN E OFERTAS

14.1.- Empresas licitadoras.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación nos casos que sexa esixible polo TRLCSP, para o caso de empresas españolas.

No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderase ter en conta ás sociedades pertencentes ao grupo, a efectos de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou da correspondente clasificación, no seu caso, da persoa xurídica dominante, sempre e cando éste acredite que ten efectivamente a súa disposición os medios de ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberán acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar no documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a

participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos eles fronte á Administración e que asumen o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas (artigo 24 do R.G.L.A.C.P.). O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste Prego e a declaración responsable de quen reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

14.2.- Documentación.

Os licitadores presentarán dous sobres pechados e asinados por él mesmo ou persoa que o represente, nos que se indicarán ademais da razón social e denominación da entidade participante, o título do procedemento licitatorio: Proposición para tomar parte no procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria para a contratación do “Servizo de Telecomunicacións de Voz (fixa e móbil), Acceso a Internet de Banda Ancha e Transmisión de Datos para o Concello de Ames” e conterán o primeiro (A) denominado: “Documentación administrativa” esixida para tomar parte no concurso, consonte ao Anexo II e o segundo (B) denominado “Criterios obxectivos e oferta económica”, axustada ao modelo que se inclúe neste Prego (Anexo III).

En cada sobre deberá incluírse como primeira folla un índice no que deberá de figurar a relación de documentos que contén.

Os licitadores deberán achegar a documentación asinada en soporte informático (memoria USB).

15.- PROPOSICIONS: DOCUMENTACION

15.1.-Sobre A, denominado "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA"

No anverso do sobre “A”, onde constará a sinatura do licitador ou persoa que o represente, figurará o seguinte: *Documentación xeral para a contratación, mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, do “Servizo de Telecomunicacións de Voz (fixa e móbil), Acceso a Internet de Banda Ancha e Transmisión de Datos para o Concello de Ames”, e, presentada por.....* (nome ou denominación social, identificación fiscal, domicilio e teléfono)".

Dito sobre conterá unha **Declaración responsable, consonte ao Anexo II** suscrito polo licitador ou o seu representante, e no que este recoñeza baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos de capacidade, representación e solvencia precisos para participar nesta licitación, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo sinalado a tal efecto na normativa reguladora de contratos do sector público.

Os licitadores deberán achegar a documentación asinada en soporte informático (memoria USB).

De acordo co artigo 146.4 e 151.2 do TRLCSP, dita documentación deberá achegarse **UNICAMENTE** polo licitador a cuxo favor recaía a proposta de adxudicación, debendo acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos que se sinala na cláusula

15.2. SOBRE B, denominado: "CRITERIOS OBXECTIVOS E OFERTA ECONOMICA"

No anverso de cada un dos Sobres “B” figurará a mención Criterios obxectivos e oferta Económica para a contratación, mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, do servizo de contratación do “Servizo de Telecomunicacións de Voz (fixa e móbil), Acceso a Internet de Banda Ancha e Transmisión de Datos para o Concello de Ames”, presentada por (nome ou denominación social, domicilio e teléfono).

Os licitadores deberán achegar a documentación asinada en soporte informático

(memoria USB).

Dito sobre conterà a documentación que os licitadores consideren axeitada para que lles sexa valorada de acordo cos criterios de valoración mediante fórmula incluída a oferta económica que se reflicten na cláusula 18.5 dos presentes pregos así como no apartado 7 do cadro anexo, **proposición que se fará conforme ó modelo que figura como ANEXO III** deste prego.

O licitador comprométese a manter o seu/s oferta/s por un prazo mínimo de tres meses a contar desde a apertura das proposicións.

Para a valoración das proposicións outorgarase a puntuación que se establece tal e como aparece reflectido na cláusula 18.5 "Criterios de valoración do presente Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, a súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en mais dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar a non admisión de todas as proposicións por él subscritas (art. 145.3 TRLCSP)

16.- DOCUMENTOS: Orixinais e Copias

16.1. - Os documentos que acompañen ás proposicións serán orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou polo funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

16.2. - Devolución da documentación. - A documentación presentada polas empresas que non resultasen adxudicatarias poderá ser retirada por estas unha vez transcorridos tres meses naturais contados desde o día seguinte á notificación da resolución da adxudicación definitiva ás persoas participantes e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela no suposto de que se interpuxesen reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa.

Unha vez transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración disporá da que non fose retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre esta.

16.3.- Retirada ou destrución da documentación presentada.- Unha vez expirado o prazo para recurrir a adxudicación definitiva, toda a documentación das ofertas que non resulten adxudicatarias, a excepción do modelo da oferta económica, devolverase aos licitadores que o soliciten, sendo a súa costa os gastos que este devolución poida supoñer.

Transcorridos seis meses dende a adxudicación do contrato sen que se proceda a retirar dita documentación, será destruída polo Concello para o seu posterior reciclado, a excepción dos documentos xustificativos, en caso de que se esixira, da garantía provisional, que se conservarán para a súa entrega aos interesados.

17.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

Garantía provisional: En consonancia co disposto no art. 103 da TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

Garantía definitiva: O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía poderá prestarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

A garantía non se devolverá ou se cancelará ata que se produza o vencemento do prazo de garantía, se é o caso, e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

18.- APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN

18.1.- Cualificación dos documentos:

A composición da mesa de contratación será designada polo órgano de contratación, artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e Disposición Adicional Segunda do TRLCSP.

A súa composición publicarase posteriormente no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente, cunha antelación mínima con respecto á reunión que se celebre para a calificación da documentación.

De ser o caso, o órgano de contratación quedará facultado para solicitar o asesoramento dun ou varios expertos especializados na materia obxecto do contrato.

18.2.- Fases

Polo que respecta á calificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos art. 160 da TRLCSP.

18.3.- Procedemento de Apertura de Plicas e Oferta

a) Apertura do “Sobre A”. Documentación administrativa

Constituída a Mesa de Contratación na data sinalada, o presidente procederá á calificación da documentación presentada polos licitadores segundo establece o artigo 146 do TRLCSP que conterá as proposicións tal e como sinala o artigo 160 do TRLCSP.

b) Apertura do “Sobre B”. Criterios obxectivos e oferta económica

De acordo co previsto no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, a apertura do “Sobre B” farase nun acto de carácter público, nun prazo **non superior aos sete días** dende a apertura da documentación administrativa á que se refire o artigo 146 do TRLCSP, convocando aos licitadores que resultaran admitidos na apertura dos “Sobres A” exclusivamente, cunha **antelación mínima de dous días** a través dun anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

Celebrarase no lugar, día e hora que se sinale no Perfil do Contratante.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que nese momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

A continuación, o secretario da mesa procederá á apertura do “Sobre B” dos licitadores admitidos, dando lectura aos criterios obxectivos e a oferta económica. Concluída a apertura das proposicións, o presidente da mesa invitará de novo aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

Posteriormente, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da mesa.

O órgano de contratación, conforme ao artigo 151 do TRLCSP clasificará, por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio, podendo solicitar para iso cantos informes técnicos estimen pertinentes.

d) Defectos ou omisións subsanables:

Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicaráselle verbalmente e mediante fax ou correo electrónico ós interesados, e se anunciará polo órgano de contratación, concedéndose un prazo,

non superior a **tres días hábiles**, para que os licitadores corrixan ou subsanen ante a propia Mesa de Contratación (Art.81.2 do RXLCAP).

e) Aclaracións e requirimentos de documentos:

Ós efectos establecidos no referente á solvencia económica e financeira, técnica ou clasificación e prohibicións para contratar, o Órgano e a Mesa de Contratación poderán recabar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados, ou requirirle para a presentación doutros complementarios, o que deberá cumprimentar no prazo de **cinco días hábiles**, sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas, conforme ó disposto no art. 22 do RXLCAP.

Do actuado conforme a esta cláusula deixarase constancia na acta que necesariamente deberá redactarse

18.4.- Rexeitamento de proposicións.-

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ó valor económico da mesma, ou declarar deserto o concurso, motivando en todo caso a súa resolución con referencia ós criterios de adxudicación do concurso que figuran no presente prego.

18.5.- Criterios de valoración

a) Mellor oferta económica, ata un máximo de 48 puntos

Para a valoración económica, outorgarase a máxima puntuación a maior baixa ofertada sobre o tipo de licitación, e o resto das ofertas obterán a puntuación proporcional a esta.

b) Proposta Técnica, ata un máximo de 52 puntos, segundo o seguinte desglose:

Valorarase neste capítulo a calidade técnica do proxecto, tendo en conta o plan de calidade, asistencia técnica a usuarios así como as características técnicas propias da solución ofertada.

- **Tempos de provisión-resolución (22 puntos)** (melloras no tempo de resolución de incidencias/tempos de provisión de liñas, tempos de provisión de terminais, ...)

táboa 13

Critério	Prazo	Carácter	Puntos
Provisión liñas móbiles	5 días	L	1
Provisión liñas fixas (RTB, xDSL, RDSI)	5 días	L	1
Provisión de terminais (móbiles/sobremesa)	5 días	L	1
Provisión enlaces cable/fibra óptica en sedes remotas	5 días	L	1
Alta VPN centro remotos por cable	5 días	L	1
Resolución incidencias liñas móbiles	1 día	L	1
Resolución incidencias liñas cable	1 día	L	1
Resolución incidencias terminais (móbil/sobremesa)	1 día	L	1
Resolución incidencias enlaces de datos por cable/fibra óptica (VPN)	1 día	G	2
Resolución incidencias en enlaces de internet	1 día	G	2
Resolución incidencias masivas de voz	1 día	G	2
Resolución incidencias masivas de datos	1 día	G	2

Tempos de provisión - resolución	
Criterio	Puntuación
Os descritos na táboa anterior (mínimos esixidos)	Especificados na táboa número 13
Redución nos tempos de provisión en paquetes de 1 día	1 punto adicional/criterio, ata un máximo de 3 puntos
Redución nos tempos de provisión en paquetes de 2 días	2 puntos adicionais/criterio, ata un máximo de 3 puntos
Redución nos tempos de provisión en paquetes de 3 días ou mais	3 puntos adicionais/criterio, ata un máximo de 3 puntos
Redución nos tempos de resolución en paquetes de 8 horas	1 punto adicional/criterio, ata un máximo de 3 puntos
Redución nos tempos de resolución en paquetes de 16 horas	2 puntos adicionais/criterio, ata un máximo de 3 puntos
Redución nos tempos de resolución en paquetes de 24 horas ou mais	3 puntos adicionais/criterio, ata un máximo de 3 puntos

- Mellora da velocidade do acceso a internet (6 puntos)

Mellora da velocidade do acceso a internet	
Criterio	Puntuación
Ancho de banda mínimo esixido: 50 MB simétricos	1 punto
Por cada incremento do ancho de banda en paquetes de 10 MB	1 punto adicional, ata un máximo de 5 puntos
Por cada incremento do ancho de banda en paquetes de 20 MB	2 puntos adicionais, ata un máximo de 5 puntos
Por cada incremento do ancho de banda en paquetes de 30 MB	3 puntos adicionais, ata un máximo de 5 puntos
Por cada incremento do ancho de banda en paquetes de 40 MB	4 puntos adicionais, ata un máximo de 5 puntos
Por cada incremento do ancho de banda en paquetes de 50 MB ou mais	5 puntos adicionais, ata un máximo de 5 puntos

- Melloras da velocidade de conexión coas sedes remotas (3 puntos)

Mellora da velocidade de conexión coas sedes remotas	
Criterio	Puntuación
Ancho de banda mínimo esixido: 10 MB simétricos	1 punto
Por cada incremento do ancho de banda en paquetes de 5 MB	1 punto adicional, ata un máximo de 2 puntos
Por cada incremento do ancho de banda en paquetes de 10 MB ou mais	2 puntos adicionais, ata un máximo de 2 puntos

- Melloras nas características das liñas de Backup (6 puntos)

Mellora da velocidade das liñas de Backup	
Criterio	Puntuación
Ancho de banda mínimo esixido Backup principal (sede CPD): 30 MB simétricos	1 punto
Por cada incremento do ancho de banda en paquetes de 10 MB (Backup principal)	1 punto adicional, ata un máximo de 2 puntos
Por cada incremento do ancho de banda en paquetes de 20 MB (Backup principal) ou mais	2 puntos adicionais, ata un máximo de 2 puntos
Ancho de banda mínimo esixido Backup remoto (sedes remotas): 10 MB simétricos	1 punto
Por cada incremento do ancho de banda en paquetes de 5 MB (Backup sedes remotas Milladoiro)	1 punto adicional, ata un máximo 2 puntos

Por cada incremento do ancho de banda en paquetes de 10 MB (Backup sedes remotas Milladoiro) ou mais	2 puntos adicionais, ata un máximo 2 puntos
--	---

- Melloras nas características dos terminais móbiles de peto (10 puntos)

Melloras nas características dos terminais móbiles de peto	
Criterio	Puntuación
<ul style="list-style-type: none"> • µProcesador: Dual Core @ 1.7 Ghz ou superior • Memoria RAM: 1 Gb ou superior • Wifi: soporte 802.11/n • Bluetooth 4.0 ou superior • Cámara: 8 Mpx ou superior • Sistema operativo: Android 4.1 ou superior • Soporte 3G ou superior • Cuatribanda • GPS 	1 punto
Incremento de procesador 4 núcleos	1 punto adicional, ata un máximo de 2 puntos
Incremento de procesador ata un máximo de 8 núcleos ou mais.	2 puntos adicionais, ata un máximo de 2 puntos
Incremento da memoria RAM en paquetes de 1 Gb	1 punto adicional, ata un máximo de 3 puntos
Incremento da memoria RAM en paquetes de 2 Gb	2 puntos adicionais, ata un máximo de 3 puntos
Incremento da memoria RAM en paquetes de 3 Gb ou mais.	3 puntos adicionais, ata un máximo de 3 puntos
Incremento resolución cámara en paquetes de 2 mpx	1 punto adicional, ata un máximo 3 puntos
Incremento resolución cámara en paquetes de 4 mpx	2 puntos adicionais, ata un máximo 3 puntos
Incremento resolución cámara en paquetes de 8 mpx ou mais.	3 puntos adicionais, ata un máximo 3 puntos
Soporte 4G	1 punto adicional

- Software de xestión de dispositivos en mobilidade (5 puntos)

Criterio	Puntuación
Xeolocalización de terminais	1 punto
Instalación remota de aplicacións	1 punto
Definir perfís de usuario	1 punto
Realización de inventario de dispositivos	1 punto
Bloqueo e/ou borrado de datos en dispositivos	1 punto

Ademais deberá achegarse:

- **Memoria descriptiva e detallada do Plan de Calidade e de asistencia técnica aos usuarios.**
- **Memoria técnica descriptiva acerca dos servizos a prestar reflectidos na cláusula 28, "Obrigacións contractuais esenciais".**

18.6.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados (Baixa Temeraria).

Será de aplicación o establecido no artigo 152 do TRLCSP. Os criterios para apreciar as ofertas anormais ou desproporcionadas estableceranse de conformidade ao disposto no artigo 85 do RXLCAP.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as súas condicións; en particular no referido ao aforro que

permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado. No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

A efectos do establecido no artigo 85.6 do TRLCSP, para a valoración das ofertas como desproporcionadas, a mesa de contratación poderá considerar a relación entre a solvencia económica e financeira da empresa e a oferta presentada, sempre e cando o seu volume anual medio de negocios nos últimos tres exercicios sexa, cando menos, superior en sete veces á anualidade do contrato ou, de non ser este plurianual, ao orzamento de licitación.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode cumprirse como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación a favor da seguinte proposición economicamente máis vantaxosa (de acordo coa orde en que fosen clasificadas) que se estime pode ser cumprida a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores discapacitados (non inferior ó 2%), ou aquelas empresas adicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, de acordo co establecido na Disposición Adicional 4º do TRLCSP.

18.7.- Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración, de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a modo de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da mesa de contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) o inicio e execución do contrato, etc.), faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía provisional ou no seu caso a definitiva, sen prexuízo da esixencia da indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP

A renuncia do licitador incurso en baixa temeraria, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa temeraria dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

No caso de que a administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade co disposto no art. 161.4 da TRLCSP.

19.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO, PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS POLO LICITADOR E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN.

19.1. O órgano de contratación conforme ó artigo 151 do TRLCSP clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para iso cuantos informes técnicos estime pertinentes.

19.2. O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de **dez días hábiles** a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación acreditativa da capacidade, aptitude, representación e solvencia, en

original ou copia compulsada, do declarado previamente, e outra documentación relativa ao cumprimento dos requisitos previos.

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa, debidamente compulsada.

A-2) Persoas xurídicas:

- Escritura de constitución ou modificación no seu caso debidamente compulsada, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Demais empresas estranxeiras

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

B) Poderes

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

Verificación de poderes

Os poderes a que se refire o apartado b) da presente cláusula deberán bastantarse previamente polo secretario da corporación ou por un funcionario habilitado.

C) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 da TRLCSP, axustado ao modelo que se transcribe a continuación.

A declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e o feito de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito debe de presentarse antes da adxudicación polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta, axúntase modelo,

"D/D^a..... con
DNI..... e domicilio
en..... actuando en nome e
representación da empresa..... con domicilio
en..... e CIF..... á que representa no procedemento
de adxudicación do contrato denominado "....."
(ou actuando en nome propio).

DECLARA

Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames.

(Lugar, data e sinatura do proponente)"

D) Acreditación da clasificación

Esíxese clasificación, a cal deberá ser aportada coa correspondente certificación expedida polo organismo correspondente.

Grupo V, (Servizos de Tecnoloxías da información e as comunicacións)

Subgrupo 3 -> Servizos de Mantemento e Reparación de Equipos e Instalacións Informáticas e de Telecomunicacións.

Subgrupo 4 -> Servizos de Telecomunicacións.

Subgrupo 5 -> Servizos para a Explotación e Control dos Sistemas e Infraestruturas informáticas e telemáticas.

Categoría A (anualidade media sexa inferior a 150.000 €uros)

E) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Os licitadores deberán

E.1. - Acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire a 9.3. deste prego

E.2. - Acreditar a solvencia técnica mediante calquera dos medios a que se refire a 9.3. deste prego

F) Datos identificativos do licitador

Enderezo, nº teléfono, nº fax e correo electrónico do empresario e do seu representante, se é o caso, para as comunicacións con este Concello.

O empresario, ao presentar a súa oferta, dá o seu consentimento a estas formas de comunicación citadas no parágrafo anterior.

G) Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adjudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 10 do presente prego.

H) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 da TRLCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

I) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas, acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. Deputación Provincial da Coruña ou Rexistro/s similares, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou simple referencia ao número de inscrición no Rexistro, e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm.64 con data do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados A), B), C), D) E) e F), sempre que os citados documentos estean vixentes.

J) Enderezo aos efectos de notificacións:

Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono e fax

L) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación

Axustarase ao seguinte modelo:

"D/Dª..... con residencia en
.....provincia derúa nº
.....segundo DNIen nome propio (ou da
empresaá que representa no procedemento de
adxudicación do contrato denominado ".....")

AUTORIZA

Á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o considere oportuno.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)"

M) Seguro de Responsabilidade Civil

Deberá achegarse unha copia do contrato un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de seiscentos mil €uros (600.000 €), que cubra a totalidade dos posibles danos persoais e/ou materiais directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato.

N) Xustificante de ter constituída garantía definitiva.

Deberá achegarse xustificante de ter constituída unha garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía poderá presentarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

O) Xustificante de ter aboado os gastos de anuncios.

P) Confidencialidade.

Os licitadores enumerarán de modo expreso e claro aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben de ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvagarda da competencia. De non conter ningunha especificación, entenderase que o licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

19.3. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos **cinco días hábiles** seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

19.4. A adxudicación será motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores publicándose, ao mesmo tempo, no perfil do contratante.

A notificación deberá conter toda a información necesaria para permitir ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer conforme a lexislación aplicable un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

En particular, expresará os seguintes aspectos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.

- b) Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas que non se admitiron as súas ofertas.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario que determinasen a selección da súa oferta con preferencia sobre ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que se debe proceder á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. Especialmente, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos indicasen ao presentar as súas proposicións. O prazo para considerar rexeitada a notificación será de cinco días.

20.- PUBLICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación, e nos boletíns oficiais se é o caso, indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación, artigo 154 do TRLCSP.

Ao tratarse de un contrato suxeito a regulación harmonizada, o anuncio enviarase no prazo sinalado no artigo 154.2 do TRLCSP ao Diario Oficial da Unión Europea e publicarase no Boletín Oficial do Estado.

Os contratos que celebren as Administracións Públicas deberán formalizarse en documento administrativo que se axustará con exactitude as condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. No obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderán incluírse no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación (artigo 156 do TRLCSP).

O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo **non mais tarde dos quince días hábiles** seguintes a aquel en que reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.4. do TRLCSP

Serán de conta do adxudicatario/s, se é o caso, os gastos derivados da formalización do contrato, incluídos os tributos e todos os demais esixibles polas disposicións vixentes ou gastos que orixine a adxudicación. Previamente a formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento destes gastos que orixine a licitación e formalización do contrato.

No suposto de que o contratista opte por formalizar o contrato en documento público notarial, correrán da súa conta todos os gastos que orixine tal formalización.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se esixise.

Si as causas da non formalización fose imputables a Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar.

O documento de formalización do contrato, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, terá natureza contractual.

21.- PRAZO DE GARANTÍA

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de 3 meses a contar dende a data de recepción ou conformidade do servizo ou traballo, prazo durante o cal a

Administración poderá comprobar que o servizo ou traballo desenvolvido se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado no presente Prego e no de Prescricións Técnicas.

Transcorrido o prazo de garantía sin se se formulasen reparos aos servizos ou traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Si durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos servizos ou traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a subsanación dos mesmos.

22.- GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación, así como os de adxudicación, e de ser o caso, doutros que se puidesen inserir por causa do obxecto do contrato ou en cumprimento da lexislación vixente.

Así mesmo deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

23.- RESPONSABLE DO CONTRATO

23.1. - De conformidade co artigo 52 do TRLCSP o órgano de contratación poderá designar un **responsable do contrato**, quen supervisará a execución deste comprobando que a súa realización se axusta ó establecido, cursará ó contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación sendo as súas funcións a de dirección, control e coordinación do subministro.

23.2. - Facultades do responsable do contrato.

O responsable do contrato poderá dirixir instrucións ao contratista, inspeccionar e ser informado, cando o solicite, sobre o proceso de execución do contrato.

No caso de que considerase incumplidas as prescricións técnicas do contrato, daranse ao contratista as instrucións precisas e detalladas co fin de remediar as faltas ou defectos observados constando o prazo para emendalas e as observacións que se consideren oportunas.

Se existise unha reclamación do contratista respecto das observacións formuladas polo responsable do contrato, esta remitirase, xunto co seu informe, ao órgano de contratación que resolverá sobre o particular.

Incumbe a Administración, a través do responsable do contrato, exercer de maneira continuada á inspección e vixilancia dos traballos contratados.

Os responsables do contrato poderán así mesmo solicitar informes sobre a realización dos traballos, que deberán entregarse polo adxudicatario no prazo máximo de 5 días naturais a contar dende a súa solicitude.

24.- MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN, EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Modificación

Sen prexuízo dos supostos previstos no TRLCSP de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato e prórroga do prazo de execución, o contrato só poderá modificarse salvo nos casos e cos límites establecidos no artigo 105, así como no 219 do TRLCSP e o disposto no presente prego.

Nin o contratista nin o responsable do servizo poderán introducir ou executar modificación algunha no obxecto do contrato sen a debida aprobación previa e, no seu caso, do presuposto correspondente polo órgano de contratación. As modificacións que non estén debidamente autorizadas pola Administración orixinarán responsabilidade no contratista, o cal estará obrigado a refacer a parte dos mesmo que resulta afectada por aquelas, sen abono algún.

Cando como consecuencia de modificacións do contrato de servizos de mantemento acordadas conforme ao establecido en dito articulado do TRLCSP, se produza aumento, redución ou supresión de equipos a manter ou a substitución de uns equipos por outros, sempre que os mesmos estén contido no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña dereito algún, en caso de supresión ou redución de unidades ou clases de equipos, a reclamar indemnización por ditas causas, excepto nos supostos previstos legalmente.

Os posibles aumentos de duración do contrato producidos modificación ou por prórroga non poden acumularse de maneira que se supera o prazo máximo de duración do contrato, incluídas as súas prorrogas, previsto normativamente.

Suspensión

Se a administración acordase a suspensión dos traballos, levantarase a correspondente acta de suspensión na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Extinción

O contrato extinguirase polo seu cumprimento ou pola súa resolución.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando éste realizase, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Administración, a totalidade da prestación, de conformidade co previsto nos artigos 221, 222 e 307 do TRLCSP.

Resolución

Son causas de resolución do contrato, as previstas nos art. 223 e 308 do TRLCSP, cos dereitos que se establecen nos mesmos. Asemade, constituirán causa de resolución do contrato imputable ao contratista ademáis das previstas como obrigas contractuais esenciais, na cláusula 28 dos pregos de cláusulas administrativas particulares, as seguintes:

a) O incumprimento da obrigaón de gardar sigilo establecida neste prego.

b) O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato.

Entenderase producido o abandono cando a prestación non se desenvolve coa regularidade adecuada ou cos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. No obstante, cando se dé este suposto, a Administración, antes de declarar a resolución, requirirá ao contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar do requirimento.

c) A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, en algunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sin a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

d) A modificación introducida nas prestacións non autorizadas polo Concello.

e) A suspensión non autorizada das prestacións sin causa xustificada.

f) A falta de cumprimento durante o período de execución do Prego de Prescricións Técnicas de algún dos requisitos previos establecidos para concursar.

O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ao órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e perxuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, desenvolvendo as obrigas incumplidas ou continuado a execución do contrato por sí ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista. O importe da garantía responderá de todo elo, en canto alcance, e sen perxuízo da responsabilidade xeral do contratista.

25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausurado, e nos Pregos de Prescricións Técnicas e de Cláusulas Administrativas Particulares, e nos Anexos de ambos, e na restante documentación contractual, así como de conformidade coas instrucións que para a súa interpretación dese o contratista o órgano de contratación. Para a execución do contrato, o contratista deberá dispor de todos os medios materiais e de persoal previstos nos Pregos Técnicos.

A execución do contrato desenvolverase baixo a dirección, inspección e control da administración contratante, a cal, no exercicio das prerrogativas legalmente conferidas, terá a facultade de ordenar discrecionalmente o servizo contratado e ditar as instrucións oportunas para o fiel cumprimento do convindo e asegurar a boa marcha do mesmo.

O inicio e remate do proceso de implantación virá determinado por un calendario fixado previamente polos técnicos municipais e os adxudicatarios, en reunións celebradas para tal fin. Nas mesmas, fixaranse as consideracións necesarias a ter en conta co fin de minimizar o impacto no proceso diario de prestación de servizos de voz e datos no Concello de Ames.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva, así como das prestacións e servizos desenvolvidos e das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista estará obrigado a gardar sigilo respecto dos datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estén relacionado co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

Con carácter xeral, o adxudicatario cumprirá coa normativa vixente en materia de relacións laborais e seguridade e suade laboral, e en xeral de toda a normativa e lexislación que sexa de aplicación.

Considerase iniciada a execución da prestación do servizo dende a data de formalización do contrato.

En caso de incumprimento deste contrato, procederase á resolución do mesmo conforme ao establecido no TRLCSP.

26.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Ademais das previstas no prego de prescricións técnicas, establécense as seguintes obrigacións:

1) O contratista obrigase a efectuar a execución do contrato, en tempo e forma establecidos, baixo a súa exclusiva responsabilidade, así como ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de dereito de traballo, seguridade social, seguridade e hixiene no traballo e calquera outra de xeral observancia.

Será asimesmo o único responsable da seguridade de persoas, bens, e en consecuencia, dos danos, bens patrimoniais ou persoais, que se poidan causar a terceiros ou aos propios traballadores, durante a execución do contrato. Deberá adoptar cantas precaucións sexan necesarias para evitar desgracias e perxuízos, sendo responsable de todos os que poidan orixinarse durante o servizo.

2) Posuír e ter en vigor durante a execución do contrato un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de seiscentos mil Euros (600.000 €), que cubra a totalidade dos posibles danos persoais e/ou materiais directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato.

Antes da sinatura do contrato, o contratista presentará fotocopia compulsada, da póliza de seguro e recibo de pago de prima.

3) Manter os recursos, ferramentas e procedementos adscritos ao servizo que o contratista no seu día ofertara e que servise como base para a adxudicación do

contrato. No obstante o contratista vira obrigado a incrementar ditos medios para o desenvolvemento de actuacións e a execución de traballos de acordo co que se especifica no presente prego e no de Prescricións Técnicas. En dito suposto, isto implicará un aumento do prezo do contrato.

4) Poñer ao servizo e disposición do presente contrato unha persoa que actuará como interlocutor válido da empresa ante o Concello en todos os aspectos e incidencias que plantexe a súa execución, e que deberá estar localizable en calquera momento. O responsable do contrato reservase o dereito a desestimar ao interlocutor, no suposto de que non se considerase adecuado para o desenvolvemento do servizo.

5) O concello non manterá relación laboral algunha co persoal que preste os seus servizos no contrato, significándose expresamente que ao remate da vixencia do mesmo, o concello non se fará cargo nin indemnizará ao citado persoal.

6) É obrigación do adxudicatario non utilizar para sí, nin proporcionar a terceiros, datos así como información relacionada directa ou indirectamente co obxectivo do contrato, nin publicar total ou parcialmente o contido do mesmo, respondendo, no seu caso, dos danos e perxuízos que se deriven do incumprimento desta obrigación. Con independencia da información que obteña a empresa adxudicataria, o Concello de Ames facilitará aquela que estime precisa, da que dispoña ou a que teña acceso, necesaria para o mellor desenvolvemento dos servizos.

7) Facerse cargo de toda clase de gastos que se orixinen polas prestacións obxecto do contrato que se mencionan no presente prego e no de prescricións técnicas, e a totalidade de gastos que poidan orixinarse ou producirse, directa ou indirectamente, no desenvolvemento e execución do contrato.

8) O adxudicatario deberá garantir o secreto das comunicacións conforme á lexislación vixente. O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e os seus posteriores desenvolvementos. Así mesmo, indicará os procedementos de seguridade previstos, e as medidas que adoptará para garantir a seguridade e confidencialidade de datos persoais e do concello aos que puidera ter acceso.

O adxudicatario comprométese a non subministrar información nin a revelar ou ceder datos ou documentos a terceiros, ou copia dos mesmos, proporcionados polo Concello para calquera outro uso non previsto como necesario nos pregos que rexen a contratación.

27.- OBRIGACIÓNS CONTRACTUAIS ESENCIAIS

Aos efectos do establecido no artigo 223.f) do TRLCSP considéranse obrigacións contractuais esenciais da empresa as seguintes:

Deberá achegarse unha memoria técnica descritiva acerca dos seguintes servizos a prestar.

- Dispositivos de conexión de banda larga móbil

Dispositivo	Unidades
Tablets 9.7"	3
Routers 3G/4G	2
Modem USB 3G/4G	2

- Provisión de 20 liñas do Servizo Telefónico Básico

Ubicación	Servizo asociado	Tipo
Rúa de Abaixo, Milladoiro	Servizo de Augas - Voz	Enlace Multi. STB Analóxica
Rúa do Rego, Milladoiro	Alarma Escola Infantil Figueiras - Voz	Individual STB Analóxica
Travesía do Porto, Milladoiro	Ascensor CC Milladoiro	Individual STB Analóxica
Rúa de Abaixo, Milladoiro	Alarma Novas Dependencias Milladoiro	Individual STB Analóxica
Travesía do Porto, Milladoiro	Galiña Azul - Alarma - Voz - ADSL	Individual STB Analóxica
Avda. Rosalía de Castro, Milladoiro	Taxis Milladoiro	Individual STB Analóxica
Rúa Raxoeira, Milladoiro	Alarma Biblioteca Milladoiro	Individual STB Analóxica
Praza do Concello, Bertamiráns	Parada Taxis Bertamiráns - Voz	Individual STB Analóxica
Avda. Rosalía de Castro, Milladoiro	Parada Taxis Milladoiro - Voz	Individual STB Analóxica
Praza do Concello, Bertamiráns	Fax xeral do Concello de Ames	Individual STB Analóxica
Santo Tomé, Barouta	Ascensor Colexio Barouta	Individual STB Analóxica
Tarroeira, Ortoño	Escola Infantil da Igrexa - Alarma - Voz	Individual STB Analóxica
Avda. da Peregrina, Bertamiráns	Pavillón Bertamiráns - Alarma	Individual STB Analóxica
Avda. da Peregrina, Bertamiráns	Ascensores CEIP A Maía	Individual STB Analóxica
Covas, Ames	Escola Unitaria Covas - Alarma - Voz	Individual STB Analóxica
Pedregal, Bertamiráns	Telefono Público CC Bertamiráns - Alarma	Individual STB Analóxica
Praza do Concello, Bertamiráns	Ascensor Concello	Individual STB Analóxica
José Luis Azcárraga, Bertamiráns	Cultura e Deportes - Alarma	Individual STB Analóxica
Praza Chavián, Bertamiráns	Ascensor CC Bertamiráns	Individual STB Analóxica
As Cortes, Ortoño	Alarma CEIP Agro do Muiño	Individual STB Analóxica
Praza de Chavián, Bertamiráns	Transporte Adaptado (900204000)	Individual STB Analóxica

- Liñas de carácter ocasional

Evento	Ubicación	Duración
Evento 1	Avda. da Peregrina, s/n - Bertamiráns	4 días
Evento 2	Travesía do Porto, s/n - O Milladoiro	4 días

- Liñas ADSL para o servizo Wifi

Ubicación	Enderezo	Tipo
Casa de Cultura de	Praza de Chavián, s/n - Bertamiráns	ADSL 12M/1M

Bertamiráns		
Casa de Cultura de Milladoiro	Travesía do Porto, s/n – O Milladoiro	ADSL 12M/1M
Biblioteca de Milladoiro	Rúa Raxoeira, 14 – O Milladoiro	ADSL 12M/1M

- Liña ADSL que da soporte a radio-enlace

Ubicación	Enderezo	Tipo
CPD (Centro de Proceso de Datos)	Avda. Da Maía, 22- Baixo - Bertamiráns	ADSL 12M/1M

- Servizos de E-Fax

Concellaría	Usuario	Nº
Servizos Sociais Bertamiráns	*	981 890982
Cultura e Deportes Milladoiro	*	981 535942
Educación, E.I. “O Bosque”	*	981 884686
Educación, E.I. “A Madalena”	*	981 536240
Servizos Sociais Milladoiro	*	981 525348
Tesouraría	*	981 884929
Intervención Económica	*	981 884938
Educación – Pazo da Peregrina	*	981 884776
Cultura e Deportes – Pazo da Peregrina	*	981 891732
Departamento de Persoal	*	981 891475
Departamento de Urbanismo	*	981 884686
Policía Local	*	981 886949
Gabinete de Alcaldía	*	981 884656

- Servizo de xestión unificada de ameazas ou UTM

Características
Bloqueo e filtraxe de contidos Web
Control de acceso a determinados programas: mensaxería instantánea, sistema de intercambio de arquivos P2P, ...
Bloqueo de arquivos específicos: torrents, executables, comprimidos, ...
Interface web para xestión

- Relación de equipamento e servizos a ofertar

Equipamento e servizos	Cantidade
Total liñas	177
Total terminais voz (móbil e sobremesa)	177
Terminais móbiles Tipo I (Smartphones con sistema operativo Android))	66
Terminais móbiles Tipo II (terminais con teclado físico ou smartphones gama baixa)	14
Terminais sobremesa	97
Tarifas planas de datos	75
Servizos de e-fax	13
Grupos de capturas de chamadas	1
Cola de chamadas	1
Servizo de oficina Vodafone	1
Servizo de operadora automática	1
Módem 3G	2
Router 3G	1
Liñas de datos para iPad	1
Liñas RTB para servizos de alarma/ascensores	20

- Terminais de operadora

Localización	Unidades
Casa Consistorial	2
Casa de Cultura Bertamiráns	1
Casa de Cultura Milladoiro	1
Novas dependencias Milladoiro	2

Modelo	Descrición
Modelo I	
Modelo II	
Modelo III	

- Terminais de sobremesa

Características
Pantalla retroiluminada LCD
Teclas de función
Soporte PABx
Funcións mans libres
Función de chamada en espera
Toma de auricular
Axuste de volume
Axenda

- Terminais móbiles de peto tipo II

Características
Terminais con teclado físico ou smartphones de gama baixa

- Servizo 092 para a policía local

Características
Rexistro de todas as chamadas: identificación da liña, data, hora e duración.
Sistema de gravación de chamadas entrantes e saíntes na nube
Grupo de salto (a definir polo Concello de Ames)

- Modelo de atención ó cliente

	Horario	Comercial/Técnica
Atención personalizada		
A través da plataforma		

- Memoria descriptiva e detallada do Plan de Calidade e de asistencia técnica aos usuarios.

28.- RISCO E VENTURA

A execución do contrato desenvolverase a risco e ventura do contratista (art. 215 TRLCSP)

29.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución previsto no contrato.

Si chegado ao final do traballo, o adxudicatario incorrese en demora, por causa imputable ao mesmo, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo de 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total

A imposición da penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polo danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

Si se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no 213.2 do TRLCSP.

30.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo adxudicatario cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

Se os servizos non se atopan en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao adxudicatario, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaón de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

Poderá desenvolverse a recepción parcial daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente

31.- CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN DE TRABALLOS.

- Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes deste contrato sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 226 da TRLCSP.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ó cedente

- Subcontratación

Para a celebración de subcontratos que poida realizar o contratista con terceiros estará sometido ao cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 227 e 228 do TRLCSP, sin que en ningún caso poida o contratista subcontratar con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico.

32.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais dos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 309 do TRLCSP.

A extinción dos contratos de servizos, non poderá en ningún caso a consolidación das persoas que desenvolvan os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante (art. 301.4 TRLCSP)

33.- PAGAMENTO

Os traballos aboaranse con periodicidade mensual e por meses vencidos, previa presentación polo contratista da correspondente factura detallada que deberá estar conformada polo responsable ao respecto e, de acordo co establecido no artigo 216 do TRCLSP.

O expediente de pago iníciarase coa presentación da factura/s, seguíndose de oficio a tramitación necesaria á efectividade do pago, previa conformidade polos correspondentes técnicos.

Ditas facturas deberán contemplar o importe da prestación mais o I.V.E. Na porcentaxe daquel que se corresponda en cada momento, segundo a lexislación vixente. A factura reunirá os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, debendo achegar o correspondente xustificante do servizo prestado.

No suposto de que por parte da empresa adxudicataria se levase acabo unha promoción dos seus produtos con descontos especiais inferiores á oferta presentada nesta contratación, aplicarase automaticamente o desconto da promoción durante o tempo en que a mesma resulte inferior aos prezos contratados no presente expediente.

34.- PERSOAL

O adxudicatario disporá do persoal necesario para a execución do contrato.

O persoal da empresa adxudicataria en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcionarial ou de natureza análoga respecto ó Concello.

35.- FISCALIDADE, PROTECCIÓN DO EMPREGO E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O contratista deberá observar as obrigas relativas á fiscalidade, á protección do medio, e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.

36.- RESPONSABILIDADE. DANOS

1. - O contrato executarase con sometemento ao establecido no seu clausurado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica do servizo prestado, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

2. - A empresa adxudicataria deberá subscribir e ter vixente durante toda a vida do contrato un seguro de responsabilidade civil xeral por importe mínimo de seiscientos mil euros. A formalización do devandito seguro será esixida con carácter previo á sinatura do contrato.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, pola súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Os terceiros poderán requirir previamente, dentro de ano seguinte á produción do feito, ó órgano de contratación para que este, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á Administración contratante ou a terceiros como consecuencia da mala execución do contrato.

En todo caso, para a determinación das responsabilidades e posibles indemnizacións estarase ao disposto no artigo 214 da TRLCSP.

37.- FACULTADE DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN

Corresponde aos técnicos municipais a facultade de inspeccionar e vixiar o correcto cumprimento do contrato.

Así mesmo os ditos técnicos poderán dirixir instrucións ao contratista a través do responsable do contrato para o axeitado cumprimento do mesmo.

38.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato
- b) Resolución das dúbidas que ofreza o cumprimento
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público

d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso se dará audiencia ó contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 211 do TRLCSP.

39.- CUSTODIA E CONSERVACIÓN

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos traballos encargados, non permitíndose a entrega nin información a terceiras persoas, se non é coa expresa autorización do director, ou, de ser o caso, do órgano de contratación.

40.- PENALIDADES ADMINISTRATIVAS E RÉXIME DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES.

O contratista queda obrigado ao cumprimento do contrato durante o prazo de duración do mesmo, así como o desenvolvemento dos distintos traballos comprendidos no obxecto do contrato nos distintos prazos e calendarios de execución sinalados no Prego de Prescricións Técnicas.

A constitución de mora polo contratista non precisará intimación previa por parte da Administración. A imposición de penalidades consecuentes con dito retraso aplicarase automaticamente polo órgano de contratación.

O importe dos servizos non prestados, -valorados en función da oferta que resulte adxudicataria-, deduciranse do importe da facturación.

Para a imposición deste tipo de penalidades sustanciarase un procedemento no que necesariamente darase audiencia ao contratista.

Cando o contratista por causas imputables ó mesmo, incorrese en demora respecto ó cumprimento na prestación do servizo, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 por cada 1.000 euros do prezo do contrato, que se establecen no artigo 212 do TRLCSP e que se imporán de acordo tamén co establecido neste artigo, sen prexuízo das que se establecen no presente Prego de Clausulas Administrativas Particulares así como no Prego de Prescricións Técnicas.

As infraccións nas que pode incurrir a adxudicataria poderán tipificarse como graves ou leves.

Serán **faltas graves**:

- O abandono xeneralizado do servizo, cando se presuma racionalmente que renuncia ao contrato.
- O incumprimento da Lexislación Laboral, Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no Traballo.
- Calquera actuación fraudulenta da adxudicataria en canto aos medios materiais e persoais empregados.
- A negativa non xustificada a desenvolver tarefas contratualmente previstas, cando o sexa por dúas ou máis veces.
- Subtraer obxectos das dependencias ás que teña acceso por razón deste contrato.
- Incumprimento dos horarios que se lles fixen, cando sexa por máis de cinco veces.
- Ademais das establecidas no Prego de Prescricións Técnicas na súa cláusula 5
- Falsedade nas certificacións presentadas ou de calquera documentación a que se refire o obxecto deste contrato.
- A resolución de incidencias enlaces de datos por cable/fibra óptica (VPN) nun prazo superior a 1 día

- A resolución de incidencias en enlaces de internet nun prazo superior a 1 día.
- A resolución de incidencias masivas de voz nun prazo superior a 1 día.
- A resolución de incidencias masivas de datos nun prazo superior a 1 día.

Serán **faltas leves**:

- a) A desobediencia non reiterada, entendéndose por tal a que o sexa por dous ou menos veces.
- b) Negativa non xustificada a executar tarefas contractualmente previstas, cando o sexa por unha sola vez.
- c) Incumprimento de horarios cando o sexa por catro ou menos veces.
- d) Falta de cortesía co persoal responsable municipal que teña encomendada as funcións de control.
- e) Calquera outra que produza unha perturbación no servizo contratado.
- f) A provisión de liñas móbiles nun prazo superior a 5 días
- g) A provisión de liñas fixas (RTB, xDSL, RDSI) nun prazo superior a 5 días
- h) A provisión de terminais (móbiles/sobremesa) nun prazo superior a 5 días.
- i) A provisión de enlaces cable/fibra óptica en sedes remotas nun prazo superior a 5 días
- j) Alta VPN centro remotos por cable nun prazo superior a 5 días.
- k) Resolución de incidencias en liñas móbiles nun prazo superior a 1 día
- l) Resolución de incidencias en liñas cable nun prazo superior a 1 día
- m) Resolución de incidencias en terminais (móbiles/sobremesa) nun prazo superior a 1 día.

A comisión de 3 faltas graves e 6 leves sancionaranse coa inmediata resolución do contrato, incautación da garantía definitiva, e reclamación dos danos e perxuízos ocasionados cando proceda.

No seu caso, a resolución poder-se-á substituírse por unha sanción pecuniaria, nunha escala que vai dende **601,01 €** ao **10% do presuposto anual do contrato**.

Para graduar esta sanción teranse en conta as seguintes circunstancias:

- Perturbación producida
- Danos
- Intencionalidade
- Reiteración de faltas
- Perxuízo a terceiros

As faltas leves sancionaranse pecuniariamente segundo unha escala que irá dende **60,10 € a 601,01 €**

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación. Este acordo será inmediatamente executivo, e farase efectivo mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total o parcial, deberán abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituise, cando non poida deducirse das mencionadas certificacións (art. 212.8 TRLCSP)

O importe das penalidades non exclúe a indemnización a que puidese ter dereito a Administración.

A responsabilidade contractual non exclúe a penal que sexa demandada na correspondente vía.

41.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

A garantía definitiva non se devolverá ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato, ou ata que se declara a resolución do mesmo sen culpa do contratista.

O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ó interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. O Servizo correspondente emitirá un informe sobre a procedencia da devolución de mesma. No suposto de que o informe fose favorable, procederase á devolución da fianza. No suposto de que fora desfavorable, daranse as ordes oportunas ó contratista para que proceda á subsanación dos defectos, e no caso de que non o fixera, iniciárase a tramitación da Resolución do contrato por incumprimento do contratista.

42.- CONFIDENCIALIDADE

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberán de cumprir co deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato e por estritas necesidades desta (Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal).

O contratista comprométese a non dar información nin datos proporcionados polo Concello de Ames para calquera uso non previsto no presente prego.

En particular, non lles proporcionará, sen autorización expresa do Concello de Ames, copia dos documentos elaborados ou datos a terceiras persoas, agás que fosen sometidos tamén a acordos de confidencialidade.

Todos os datos manexados polo contratista derivados da prestación contratada, incluíndo os soportes empregados (papel, fichas, disquetes, fitas, CD etc.) serán propiedade do Concello de Ames, sen que o contratista poida conservar unha copia ou empregalos con finalidade distinta á que figura no contrato.

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberá cumprir co deber de segredo ou confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a súa execución, estando obrigados a non facer públicos ou allear cantos datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, mesmo despois de finalizar o prazo contractual (art. 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro). Igualmente, serán de aplicación as disposicións de desenvolvemento da norma anterior que se atopen en vigor na data de adxudicación deste contrato ou que poidan estalo durante a súa vixencia. Para os efectos do cumprimento do recollido no inicio deste parágrafo, o contratista comprométese explicitamente a formar e a informar o seu persoal das obrigas que dimanan do establecido nestas normas.

43.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

O presente contrato ten natureza administrativa e rexerase polas cláusulas contidas no presente prego e no prego de prescricións técnicas

Os pregos citados teñen carácter contractual, e para todo o non previsto neles aplicarase o disposto na lexislación vixente en materia de contratación administrativa.

A normativa aplicable ao procedemento de formación e de aprobación do expediente, á licitación, adxudicación, formalización e execución deste contrato administrativo, ademais das súas prescricións, será a seguinte:

- O Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP)
- A Lei estatal 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e

as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten; así como a normativa autonómica de desenvolvemento que, no marco que fixa aquela, estea en vigor.

- A Lei estatal 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten, así como a normativa autonómica que se aprobe no marco que establece aquela.

En todo o que non prevén as anteriores normas, serán aplicables o resto de normas de Dereito Administrativo e, en último termo, as de Dereito Privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo órgano de contratación, e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, segundo ó disposto na lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición ou de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

ANEXO I

CADRO DE CARACTERISTICAS DO CONTRATO

1.- Obxecto:	Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria suxeito a regulación harmonizada do servizo de telecomunicacións de voz (fixa e mobil), acceso a internet de banda ancha e transmisión de datos para o Concello de Ames.
2.- Orzamento de licitación e criterios avaliados de forma automática.	Tendo en conta que a duración inicial do contrato é de TRES ANOS podendo prorrogarse de maneira expresa por un ano máis ata un máximo de CATRO ANOS , (incluído período inicial e prorrogas), de conformidade co estipulado no artigo 303 do TRLCSP, o valor estimado total do contrato ascende a contía de 397.000 €uros , mais o 21% de IVE ascendendo a 83.370 €uros , resultando un importe total de 480.370 €uros , representando este o límite máximo a que poderá ascender, ao longo da súa vida o gasto derivado do contrato para o concello, sen prexuízo das revisións de prezo á que haxa lugar, propoñéndose en consecuencia a contratación do referido servizo polo sistema de procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa e varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria. O financiamento deste contrato levarase a cabo con cargo a aplicación orzamentaria 926 22200 quedando condicionado o gasto nos exercicios 2016 e seguintes á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato. Este prezo engloba o importe total dos servizos que nel enténdense incluídos todos os gastos que o adxudicatario deba realizar para o normal desenvolvemento das prestacións contratadas de acordo cos pregos. Os prezos ofertados polos licitadores serán a baixa e non poderán, en ningún momento, exceder do importe do presuposto base de licitación. Rechazaranse as proposicións económicas que excedan de ditas cantidades
3.- Duración do Contrato	O prazo de duración do presente contrato estableceuse por TRES ANOS podendo prorrogarse de maneira expresa por un ano máis ata un máximo de CATRO ANOS , (incluído período inicial a prorrogas)
4.- Revisión de prezos	Os prezos da presente contratación non serán obxecto de revisión, e que no cálculo dos mesmos tiveronse en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o prazo da súa execución.
5.- Consulta de pregos	Servizo de contratación e páxina web do concello: www.concellodeames.org (perfil do contratante).
6.- Lugar de presentación de proposicións	No Rexistro Xeral do Concello de Ames, con domicilio na Praza do Concello s/n. Bertamiráns 15.200 AMES (A CORUÑA) Teléfono: 981883002, no prazo de 52 días naturais que empezarán a contar dende o día seguinte ao do envío do anuncio ao DOUE (sempre que o anuncio de licitación fose publicado no BOE polo menos con 15 días de antelación ao prazo de finalización para a presentación de ofertas)
7.- Criterios de Adxudicación: Ver clausula 18.5 dos Pregos de Clausulas Administrativas Particulares.	
8.- Garantía provisional:	Non se esixe.
9.- Garantía definitiva	O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido segundo o establecido no artigo 95 do TRLCSP, que presentará por calquera das formas establecidas no artigo 96 do citado texto
10.- Mesa de contratación: A composición da mesa de contratación será designada polo órgano de contratación, artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, cas especialidades dispostas na disposición adicional 2 do TRLCSP. A súa composición publicarase posteriormente no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente, cunha antelación mínima con respecto á reunión que se celebre para a calificación da documentación.	
11.- Prazo de garantía	3 meses a contar dende a data de recepción ou conformidade do servizo.

ANEXO II.- Documento a incorporar en Sobre A

Modelo declaración responsable para licitar:

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

DECLARA:

1. Que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración
2. Que en relación co expediente cumpre cos requisitos de solvencia esixidos nos pregos
3. Que se compromete a acreditar documentalmente ante o Órgano de Contratación, no caso de ser requirido para elo, todos e cada un dos extremos requiridos pola Lei e nos pregos, con anterioridade á adxudicación, e no prazo conferido ao efecto.

E para que así conste e surta efectos ante o órgano de contratación do concello de Ames, e en cumprimento do disposto no artigo 146.4 do TRLCSP

(Lugar, data e sinatura do propoñente)"

Anexo III. Documento a incorporar no sobre B

O licitador deberá cumprimentar o seguinte modelo de presentación de propostas onde se reflectirán os datos técnicos propios de cada oferta. A non cumprimentación, en parte ou na súa totalidade, de dito modelo entenderase como oferta non presentada parcialmente ou na súa totalidade segundo sexa o caso.

D./D^a DNI....., domicilio en..... provincia derúa nº..... en nome propio ou en representación da empresaá que representa no procedemento de adjudicación do contrato de subministro de “Servizo de Telecomunicacións de Voz (fixa e mobil), acceso a internet de banda ancha e transmisión de datos para o Concello de Ames”, a cuxo efecto fago constar que coñece e acepta na súa totalidade os Pregos de Prescricións Técnicas e o de Cláusulas Administrativas particulares do presente expediente de contratación que declara coñecer e baixo a proposta que se detalla na seguinte táboa, mais o correspondente IVE (as contías indicaranse en letra e en número):

Proposta Económica anual Ofertada polo Licitante		
Importe Ofreta Anual	% IVE	IVA

Proposta Técnica Ofertada polo Licitante:
--

Tempos de provisión-resolución

Críterio	Carácter	Mínimo esixido	Oferta
Provisión liñas móbiles	Leve	5 días	
Provisión liñas fixas (RTB, xDSL, RDSI)	Leve	5 días	
Provisión de terminais (móbiles/sobremesa)	Leve	5 días	
Provisión enlaces cable/fibra óptica en sedes remotas	Leve	5 días	
Alta VPN centro remotos por cable	Leve	5 días	
Resolución incidencias liñas móbiles	Leve	1 día	
Resolución incidencias liñas cable	Leve	1 día	
Resolución incidencias terminais (móbil/sobremesa)	Leve	1 día	
Resolución incidencias enlaces de datos por cable/fibra óptica (VPN)	Grave	1 día	
Resolución incidencias en enlaces de internet	Grave	1 día	
Resolución incidencias masivas de voz	Grave	1 día	
Resolución incidencias masivas de datos	Grave	1 día	

Velocidade de acceso a internet

Critério	Mínimo esixido	Oferta
Ancho de banda	50 MB simétricos	

Velocidade de conexión coas sedes remotas

Nº	Sede	Domicilio	Enlace actual	Mínimo esixido	Oferta
10	Biblioteca Municipal Milladoiro	Rúa Raxoeira, nº 14, Baixo - Milladoiro	10M/800K	10M/10M	
1	Casa Consistorial	Praza do Concello, s/n - Bertamiráns	F.O.	Non consignar	Non consignar
4	Casa de Cultura de Bertamiráns	Praza de Chavián, s/n - Bertamiráns	F.O.	Non consignar	Non consignar
5	Casa de Cultura de Milladoiro	Travesía do Porto, nº 5 - Milladoiro	10M/800K	10M/10M	
9	Centro de Formación e Emprego (I)	Rúa Costaneira, s/n - Aldea Nova - Bertamiráns	3M/300K	10M/10M	
6	Centro de Proceso de Datos (CPD)	Avda. da Maía, 24 - Bertamiráns	F.O.	Non consignar	Non consignar
7	Escola Infantil "O Bosque"	Avda. da Pegrina, 28 - Bertamiráns	F.O.	Non consignar	Non consignar
8	Escola Infantil "A Madalena"	Praza da Madalena, s/n - Milladoiro	10M/800K	10M/10M	
6	Nave Brigadas	Avda. da Maía, 24 - Bertamiráns	F.O.	Non consignar	Non consignar
11	Novas dependencias (Serv. Sociais)	Rúa de Abaixo, 10 - Milladoiro	10M/800K	10M/10M	
2	Pazo da Peregrina (Cultura/Deportes)	Avda. José L. Azcárraga, nº 5 - Bertamiráns	F.O.	Non consignar	Non consignar
3	Policía Local / Urbanismo	Rúa Alcalde Lorenzo, nº 2 - Bertamiráns	F.O.	Non consignar	Non consignar
6	Radio Municipal	Avda. da Maía, 24 - Bertamiráns	F.O.	Non consignar	Non consignar

Velocidade liñas de Backup

Mínimo esixido	Oferta
Ancho de banda mínimo esixido Backup principal (sede CPD): 30 MB simétricos	
Ancho de banda mínimo esixido Backup remoto (sedes remotas Milladoiro): 10 MB simétricos	

Terminais móbiles de peto Tipo I

Mínimo esixido	Oferta
<ul style="list-style-type: none"> • µProcesador: Dual Core @ 1.7 Ghz ou superior • Memoria RAM: 1 Gb ou superior • Wifi: soporte 802.11/n • Bluetooth 4.0 ou superior • Cámara: 8 Mpx ou superior 	<ul style="list-style-type: none"> • µprocesador: • Memoria RAM: • Cámara:

<ul style="list-style-type: none"> • Sistema operativo: Android 4.1 ou superior • Soporte 3G ou superior • Cuatribanda • GPS 	<ul style="list-style-type: none"> • Soporte 3G/4G:
--	--

Software de xestión de dispositivos en mobilidade (5 puntos)

Criterio	Oferta (Descrición)
Xeolocalización de terminais	
Instalación remota de aplicacións	
Definir perfís de usuario	
Realización de inventario de dispositivos	
Bloqueo e/ou borrado de datos en dispositivos	

- **Memoria descriptiva e detallada do Plan de Calidade e de asistencia técnica aos usuarios.**
- **Memoria técnica descriptiva acerca dos servizos a prestar reflectidos na cláusula 27, Obrigacións contractuais esenciais.**